



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
DEZANOVE DE XANEIRO DE 2026 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde -Presidente

Tenentes de Alcalde:

D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

D. MANUEL COSTA CARNEIRO

D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA

D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria

D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezanove de xaneiro de dous mil vinte e seis baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/12/2025)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaioito de decembro do ano pasado, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202599900000739 de Agroser Ulla, S.L. (Expediente núm. 2025/U024/000005)

Dáse conta da citada instancia na que don Manuel Becerra Castro, en representación de Agroser Ulla, S.L, solicita licenza para actuacións de plantación de viñado en Agrelo - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2025/U024/000005), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección agropecuaria”. (R-2) e Solo de expansión dos núcleos rurais. (N-2), segundo o vixente PXOM, e nos termos da documentación técnica achegada asinada por enxeñeiro técnico agrícola número de colexiado 1.428, de data 23/07/2025.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50701667.

A Xunta de Goberno local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, debendo as obras ou actuacións axustarse e atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento do prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Non se afectará ningún elemento das vías ou espazos públicos (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo concello. O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, movemento de maquinaria, etc. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación, deberán reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderán inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

As obras ou actuacións deberán cumprir as disposicións da normativa sectorial que lle resulten de aplicación e nos termos das autorización outorgadas.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

As estruturas fixas deberanse situar a unha distancia mínima de 6m dende o eixe das vías municipais.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.2.- Comunicación de obra de Ahorazol Fotovoltaica, S.L. (Expediente núm. 2025/U026/000072)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Abraham Álvarez Martínez, en representación de Ahorazol Fotovoltaica, S.L, para instalación solar fotovoltaica, sobre cuberta de edificación, composta por 8 paneis fotovoltaicos de 460 Wp cada un e unha potencia instalada de 3.68Wp, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Iván Lage Vidal, en calidade de técnico de enerxías renovables e de data 16/12/2025.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000503800NH33H, emprazada en Laraño, 30 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cinco euros con vinte e sete céntimos (#105,27#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.3.- Instancia núm. 202599900000749 de D. Román Albela Pazos. (Expediente núm. 2025/U022/000013)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de reforma de cuberta de vivenda unifamiliar e construción de garaxe en Castro, 18 - Ponte Ulla (expediente núm.: 2025/U022/000013), en solo cualificado como “Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta. U-1”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada, asinada polo arquitecto técnico Manuel Gamallo Varela, e un presuposto de execución material de 57.324,56 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA U-1		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	(1)(2)	593,00
Parcela bruta total (m ²)			620,00
Cesións regularización vías (m ²)	Aliñación		27
Ocupación máxima total(%)	30 (177,90m2)		177,20 < 177,90
Nova construción garaxe (m ²)	Computando ocupación		37,50
Aliñación (m)	PXOM		PXOM
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	(3)	3,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	(4)	B+1/6,04
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. Unifamiliar		Viv. Unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 8463120NH4386S.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza ou da data da presentación da comunicación previa acompañada do proxecto de execución, no caso de concesión da licenza cun proxecto básico. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Manuel Gamallo Varela número de visado VN25001951 de data 23/07/2025, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación, deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depositados en vertedoiros autorizados.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación, así como de gas ou electricidade. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 02, de 9,39 m²., e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

A zona de cesión para regularización da vía deberá quedar axardinada, ao mesmo nivel coa vía pública e libre de obstáculos. Para estes efectos, e previo ao inicio das obras, deberase xustificar o efectivo cumprimento dos requisitos mencionados con documentación gráfica e fotográfica.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): mil cento corenta e seis euros con corenta e nove céntimos (#1.146,49#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente.

2.4.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente núm. 2024/U026/000008)

Dáse conta do expediente municipal número 2024/U026/000008 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para actuacións de renovación e mellora de cable de fibra en Guimaráns - Ribadulla (San Mamede), nos termos da documentación técnica achegada con número de proxecto 8588898. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

Dáse conta das autorizacións sectoriais de:

-Patrimonio Cultural, expediente 1293/24.

-Augas de Galicia, expediente DH.W15.102891.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada con número de proxecto 8588898.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse, de ser o caso, garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.5.- Comunicación de obra de D^a. Yolanda Neira Gómez. (Expediente núm. 2024/U026/000065)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Yolanda Neira Gómez para instalación solar fotovoltaica sobre terreo con potencia 3255Wp e sete paneis, nos termos da documentación técnica achegada.

Dáse conta da autorización sectorial outorgada pola Consellería do Medio Rural no expediente con referencia 2024/3108975 e da declaración responsable presentada no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas na Coruña.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50600904, emprazada en Cimadevila, 22 - Sarandón (San Miguel), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e nove euros con un céntimo (#69,01#).

2.6.- Instancia de D. José María Barrio Fernández. (Expediente municipal número 2025/U018/000005)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita declaración de non necesidade de licenza de parcelamento, por outorgamento polo plan de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe, de finca en Tomonde – Ribadulla (Santa Cruz) da que resultan dúas parcelas e unha parcela de cesión para regularización da vía. A parcela obxecto do expediente é a número 1633 da concentración parcelaria de Ribadulla (Vedra) e achégase documentación técnica asinada por Francisco Javier Bellet García en calidade de enxeñeiro técnico agrícola.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como De expansión dos núcleos rurais. (N-2) e Rústico de especial protección agrícola (R-2) .

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda declarar a non necesidade de licenza de parcelamento da finca, emprazada en Tomonde - Ribadulla (Santa Cruz), obxecto do proxecto mencionado e nos termos do mesmo.

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión para a regularización da vía nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, de 113 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. A zona de cesión deberá quedar ao mesmo nivel coa vía pública e libre de obstáculos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



3º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de decembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
1086	01/12/2025	Devolución de aval a Oviga S.L depositado para responder da execución da obra de Mellora de pavimento de Brañas a Francés; de Galegos a N-525, de Afós a N-525, de Tras das Fornas a Caniñas e outros (POS +Adicional 1/2018)
1087	01/12/2025	Aprobación expediente de contratación do contrato de Prestación do servizo de limpeza dos locais municipais en dous lotes: Lote 1 (CPI de Vedra e escolas unitarias) e Lote 2 (casa do concello, biblioteca, aula de informática e ludoteca)
1088	02/12/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación previa para instalación de paneis solares fotovoltaicos de autoconsumo en Laraño – San Xián de Sales
1089	02/12/2025	Concesión duplicado de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e problemas de mobilidade (nº 140)
1090	02/12/2025	Devolución de fianza constituída para a cesión de usos de posto no Centro de Emeprendemento A Estación (Coworking)
1091	03/12/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de factura F.2025.51 por importe de 5.681,15 euros
1092	03/12/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de factura F.2025.50 por importe de 16.879,92 euros
1093	04/12/2025	Concesión praza vacante na EIM, curso 2025/20526, a XRG
1094	04/12/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emeprendemento A Estación –Espazo Coworking de Vedra, correspondente ao mes de novembro
1095	04/12/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria dos servizos incluídos no Programa de actividades culturais municipais 2025/2026 correspondente ao mes de decembro
1096	04/12/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a MCC
1097	04/12/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a NAA
1098	04/12/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación previa para instalación de dous invernadoiros na Igrexa- San Cristovo de Merín
1099	04/12/2025	Aprobación certificación nº 2 da obra Ampliación da rede de abastecemento a San Miguel de Sarandón e factura correspondente da adxudicataria, Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U, por importe de 6.336,00 euros
1100	04/12/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de novembro
1101	04/12/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de actividades da terceira idade, concepto de matrícula anual e 1º trimestre do curso 2025/2026
1102	04/12/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores e ludoteca, por



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		asistencia días soltos no mes de novembro
1103	04/12/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente ao mes de decembro
1104	04/12/2025	Aprobación e orde de pagamento de sanción imposta por Augas de Galicia S.L. por vertedura de augas residuais en Vedra
1105	05/12/2025	Anulación das liquidacións da taxa de xestión do lixo das anualidades 2021-2025 da vivenda núm. 4 de Caldelas –Ponte Ulla, por titular incorrecto
1106	05/12/2025	Aprobación das liquidacións da taxa de xestión do lixo das anualidades 2023-2025 da vivenda núm. 17 de Bazar –San Andrés de Trobe, a nome do titular da mesma
1107	05/12/2025	Aprobación e orde de pagamento de gasto en concepto de franquía por sinistro de Nissan, matrícula 3663HNG, por importe de 300,00 euros a Talleres López.
1108	05/12/2025	Anulación das liquidacións da taxa de xestión do lixo das anualidades 2023-2025 da vivenda núm. 17 de Bazar, por titular incorrecto
1109	05/12/2025	Aprobación conta xustificativa dos gastos ocasionados en relación coa limpeza do CPI de Vedra durante o ano 2025
1110	05/12/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Galega de axuda aos enfermos con demencia tipo alzhéimer (Agadea) e orde de pagamento segundo convenio
1111	05/12/2025	Aprobación das liquidacións da taxa de xestión do lixo das anualidades 2021-2025 da vivenda núm. 4 de Caldelas, a nome do seu titular
1112	05/12/2025	Aprobación devolucións de ingresos a persoas inscritas que non acudiron por causas xustificadas á viaxe da terceira idade a Málaga –Granada do 03-08/11/2025
1113	05/12/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade dependencia, correspondente ao mes de novembro
1114	05/12/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar, modalidade de libre concorrencia, correspondente ao mes de novembro
1115	05/12/2025	Concesión tarxeta de armas para carabina venus
1116	05/12/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de decembro
1117	05/12/2025	Concesión tarxeta para persoas con discapacidade e problemas de mobilidade (nº 197) a MFG
1118	05/12/2025	Concesión praza no programa Conxuga, modalidades ludoteca e madrugadores, a CCC
1119	05/12/2025	Concesión praza no programa Conxuga, modalidades madrugadores, a MRM
1120	05/12/2025	Cambio frecuencia asistencia ao Programa Conxuga de ADP
1121	05/12/2025	Cambio frecuencia asistencia ao Programa Conxuga de RCM
1122	05/12/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a LCN
1123	09/12/2025	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes a extra de decembro
1124	09/12/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a EMSS



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



1125	09/12/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
1126	10/12/2025	Adxudicación do contrato menor de Reposición de saneamento na actuación de Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla (PSTD Terras de Santiago) a Alcomte Galicia, S.L, financiado con fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) (Expediente núm. 2025/C002/000031)
1127	11/12/2025	Adxudicación como contrato menor da substitución da carpintería exterior do edificio da Escola unitaria de San Xíán de Sales (Expediente 2025/C002/000032)
1128	11/12/2025	Devolución de aval a Oviga S.L depositado para responder da execución da obra de Saneamento en Santa Cruz (POS + Adicional 1/2021)
1129	11/12/2025	Cumprimento de trienios de persoal municipal
1130	11/12/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
1131	11/12/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
1132	11/12/2025	Autorizando acceso á información sobre colonias felinas en Vedra
1133	11/12/2025	Aprobación convenio co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o financiamento de Melloras e acondicionamento da EIM, ao abeiro da Conferencia Sectorial do Reto Demográfico do 04.06.2025 (100%)
1134	12/12/2025	Designación Vogal 4º da Mesa de Contratación Permanente para o contrato de Prestación do servizo de limpeza dos locais municipais, en dous lotes.
1135	15/12/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de excursións da terceira idade realizadas no mes de decembro
1136	15/12/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de excursións da terceira idade realizadas no mes de novembro
1137	16/12/2025	Pago axuda de emerxencia social concedida a LZO logo da súa xustificación
1138	16/12/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de renovación de actividade de furancho en Malfurado –San Andrés de Trobe
1139	16/12/2025	Prórroga de contrato a monitora para o servizo de madrugadores e ludoteca municipal subvencionado polo Programa Corresponsables
1140	16/12/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 14 de Xíán – San Pedro de Sarandón
1141	16/12/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 16 de Viño grande (panadería) – San Andrés de Illobre
1142	16/12/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 16 de Viño grande (bar) – San Andrés de Illobre
1143	16/12/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 21 de Viño grande – San Andrés de Illobre
1144	16/12/2025	Prórroga de contrato de tractorista para substitución de traballador en situación de IT.
1145	16/12/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 48 de Castro – Ponte



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		Ulla
1146	16/12/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 32 de Gatente – San Andrés de Trobe
1147	16/12/2025	Aprobación da certificación núm. 1 da obra de Substitución da cuberta da nave da estación, espazo escénico e musical, e factura correspondente da adxudicataria Nature Infraestructuras y Servicios S.L, por importe de 97.672,41 euros (anualidade 2025), cofinanciado a través de convenio coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Expediente 2025/C003/000003)
1148	17/12/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 3 de Francés – San Pedro de Vilanova
1149	17/12/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación previa para instalación de paneis solares fotovoltaicos de autoconsumo en Laraño, 30 – San Xián de Sales
1150	17/12/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para substitución da cuberta da nave, espazo escénico e musical (anualidade 2025), toma de razón en contabilidade e cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
1151	17/12/2025	Adxudicación como contrato menor da obra de Mellora do pavimento de camiño en Galegos – Santa Cruz de Ribadulla (Expediente núm. 2025/C002/000033)
1152	17/12/2025	Ampliar nunha hora o horario de peche dos locais de hostalería durante o período de Nadal
1153	17/12/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a MTRI
1154	18/12/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación previa para cambio de cuberta en edificación auxiliar en Pazos- Santa Cruz de Ribadulla
1155	18/12/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación previa para instalación de paneis solares fotovoltaicos en Francés, 4 – San Pedro de Vilanova
1156	15/12/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
1157	18/12/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
1158	18/12/2025	Aprobación e orde de pagamento da taxa para autorización da celebración da XV BTT Cicloturista da Camelia polo Val do Ulla 2026
1159	18/12/2025	Concesión praza no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, a UTI
1160	19/12/2025	Aprobación da normativa de uso de medios electrónicos do Concello de Vedra
1161	19/12/2025	Incremento salarial do 2,5 % recollido no RDL 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribución no ámbito do sector público, con efectos do 01.01.2025
1162	19/12/2025	Aprobación convocatoria e bases para a funcionarización pola quenda de promoción interna de varias prazas do concello de Vedra (Expediente 2025/E001/000009)
1163	19/12/2025	Aprobación convocatoria e bases para a cobertura pola quenda de promoción interna de varias prazas do concello de Vedra (Expediente 2025/E001/000008)
1164	19/12/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
1165	19/12/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		concedida ao Club Olímpico de Vedra e orde de pagamento segundo convenio
1166	22/12/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela e orde de pagamento segundo convenio
1167	22/12/2025	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes ao mes de decembro
1168	22/12/2025	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes aos atrasos polo incremento do 2,5% recollido no RDL 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, con efectos do 01.01.2025.
1169	22/12/2025	Aprobación do Fondo de Acción Social do 2º período de 2025 (do 01.06 -30.11)
1170	23/12/2025	Devolución de avais a José Manuel Roibás Vázquez depositados para responder da execución dos contratos de Consultoría e asistencia xurídica e xudicial do concello de Vedra dos anos 2015 e 2018.
1171	23/12/2025	Anulación das liquidacións da taxa de xestión do lixo das anualidades 2021-2025 das vivendas núm. 8 e 13 da Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, por titular incorrecto
1172	23/12/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
1173	23/12/2025	Aprobación das liquidacións da taxa de xestión do lixo das anualidades 2021-2025 da vivendas núm. 8 da Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, a nome do seu titular
1174	26/12/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados ao contrato de Reposición de saneamento na actuación de Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla (PSTD Terras de Santiago), incluídos na relación de factura F.2025.55 presentada pola empresa Alcomte Galicia S.L por importe de 14.253,80 euros
1175	26/12/2025	Aprobación das liquidacións da taxa de xestión do lixo das anualidades 2021-2025 da vivenda núm. 13 da Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, a nome do seu titular
1176	26/12/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestación varias, incluídos na relación de factura F.2025.52 por importe de 259.127,52 euros
1177	26/12/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
1178	29/12/2025	Aprobación liquidación de taxas por expedición de certificados de acordos de órganos (Ordenanza fiscal nº 6)
1179	29/12/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento (Concepto orzamentario 40100), incluídos na relación de factura F.2025.53 por importe de 4.196,71 euros
1180	29/12/2025	Aprobación e orde de pagamento de taxas para publicación de anuncio da convocatoria e proceso de selección de varias prazas por promoción interna no DOG (Expediente 2025/E001/000008)
1181	29/12/2025	Aprobación e orde de pagamento de taxas para publicación de anuncio da convocatoria e proceso de selección para a funcionarización de prazas no DOG (Expediente 2025/E001/000009)
1182	29/12/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica, incluídos na relación de factura F.2025.56



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		por importe de 11.031,49 euros
1183	29/12/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet, incluídos na relación de factura F.2025.57 por importe de 2.571,14 euros
1184	29/12/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de factura F.2025.54 por importe de 122.873,48 euros
1185	29/12/2025	Aprobación modificación de créditos 19/25 na modalidade de transferencias de crédito entre mesmas áreas de gasto e entre distintas áreas de gasto que afectan a gastos de persoal
1186	29/12/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á empresa Droguería –Ferretería El Sol, S.L, incluídos na relación de factura F.2025.58 por importe de 5.963,14 euros
1187	30/12/2025	Cambio de frecuencia de asistencia no Programa Conxuga de RCM
1188	30/12/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, a RCV
1189	30/12/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de factura F.2025.59 por importe de 33.900,55 euros
1190	31/12/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias , incluídos na relación de factura F.2025.60 por importe de 9.815,31 euros

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte horas e cincuenta e cinco minutos.